

# Manual Xade

## Avaliación e faltas de alumnado

---



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral



XACOBEO 2010  
Galicia

# ÍNDICE

<b>ÍNDICE</b> .....	<b>1</b>
<b>Procesos de rexistro de Notas e Faltas de Alumnado</b> .....	<b>3</b>
<b>1. Aclaracións sobre o propio manual e a normativa que rexe as ensinanzas</b> .....	<b>3</b>
<b>2. Aclaracións sobre o proceso de Notas e Faltas de Alumnado</b> .....	<b>3</b>
<b>3. Pasos previos aos procesos de avaliación e introdución de faltas</b> .....	<b>4</b>
3.1 Períodos de faltas e avaliación.....	4
a - Para as notas, Inicio (ava.) e Fin (ava.).....	4
b - Para as faltas, Inicio (faltas) e Fin (faltas).....	5
c - Procedemento para rexistrar os períodos de faltas e avaliacións .....	5
3.2 Unidades e capacidades.....	5
a - Unidades.....	6
b - Capacidades.....	6
d - Procedemento para a creación de Unidades e Capacidades e as súas valoracións.....	7
<b>4. XESTIÓN DE NOTAS E FALTAS PARA TITORES</b> .....	<b>9</b>
4.1 Avaliación (recomendable para TITORES) .....	9
4.1.1 Avaliación inicial.....	9
4.1.2 Informe de Avaliación Final.....	10
4.1.3 Avaliación continua.....	10
4.1.3.1 Avaliación continua por alumno (Opción recomendable para TITORES) .....	10
a - Avaliación continua por alumno de materias e unidades .....	10
b - Avaliación continua por alumno de capacidades.....	12
4.2 Xestión das faltas por alumno (recomendable para TITORES) .....	13
4.2.1 Rexistro das faltas de asistencia por alumno .....	13
4.2.2 Resumo de faltas.....	13
4.2.3 Faltas de conduta .....	13
<b>5. XESTIÓN DE NOTAS E FALTAS PARA O PROFESORADO DUNHA MATERIA DETERMINANDA.</b> .....	<b>15</b>
5.1 Avaliación continua por materia (Opción recomendable para o profesorado non titor) .....	15
a - Avaliación continua por materia de materias e unidades .....	15
5.2 Rexistro das faltas de asistencia por materia .....	16
<b>6. Apertura/ Peche de Actas</b> .....	<b>17</b>
<b>7. Consideracións especiais por ensinanzas</b> .....	<b>18</b>
7.1 Educación Infantil .....	18
7.2 Educación Primaria .....	18
7.3 Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).....	19
7.3.1 Avaliación de materias pendentes .....	19
7.3.2 Superación de obxectivos de Primaria na ESO .....	20
7.3.3 Avaliación dos alumnos de 3º e 4º de PDC .....	21
7.4.1 Avaliación de materias pendentes .....	23
7.5 Ciclos Formativos .....	23
7.5.1 Normativa pola que se rexen estas ensinanzas .....	23
7.5.2 Cualificacións .....	23
7.5.3 Validacións, Exención e Renuncias.....	24
7.5.4 Avaliacións.....	24
7.5.4.1 Réxime ordinario.....	24
a- Ciclos de 1300, 1400 e 1700 horas (o único módulo de 2º curso é a FCT)).....	24
b- Ciclos de 2000 horas .....	27
7.5.4.2 Réxime para persoas adultas.....	29
7.5.4.3 Proba libre .....	30
7.6 Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPIs).....	31
7.6.1 Normativa aplicable.....	31

7.6.2 Cualificacións .....	32
7.6.3 Avaliacións .....	32
7.6.4 Descrición da pantalla de avaliación por alumno .....	32
7.7 Ensinanzas de adultos.....	34
7.7.1 Ensinanza Básica Iniciais das Persoas Adultas (EBI).....	34
7.7.1.1. EBI nivel I .....	34
7.7.1.2. EBI nivel II.....	34
7.7.2 Ensinanza Secundaria das Persoas Adultas .....	34
<b>8. Informes relacionados.....</b>	<b>35</b>
8.1 Informes relacionadas coa Avaliación.....	35
8.2 Informes relacionados coas faltas dos alumnos.....	36

# Procesos de rexistro de Notas e Faltas de Alumnado

## 1. Aclaracións sobre o propio manual e a normativa que rexe as ensinanzas

Neste manual indícanse os procesos a seguir na aplicación XADE e **non é en ningún caso un manual de referencia da normativa aplicable para ningunha ensinanza.**

Lémbrese que é obriga do usuario coñecer a normativa vixente.

Esta versión do manual foi revisada en decembro de 2009. Asegúrese de que dispón da versión máis actualizada.

## 2. Aclaracións sobre o proceso de Notas e Faltas de Alumnado

A aplicación dispón en xeral de dúas formas de rexistrar tanto as faltas como as notas<sup>1</sup>:

**Por alumno:** accédese dende o menú *Xestión de alumnado*. Esta opción é a máis recomendable para os titores que teñen que rexistrar faltas e/ou notas a todo o alumnado da titoría.

The screenshot shows the XADE application interface. At the top, there is a navigation menu with options: Alumnado, Profesorado, Non docente, Secretaría, Informes, Mantemento, Utilidades, Axuda, and Saír. Below this, a sub-menu for 'Xestión de alumnado' is open, showing options: Admisión alumnado, Grupos, Actividades, and Histórico alumnado. The main area contains search and data entry fields. On the left, there is a 'Busca' field with the text 'LUCIA'. Below it, 'Apellidos e nome' is also visible. To the right, there are several input fields: 'Datos Xerais' (with '2000125'), 'Matrícula' (with 'Centro de cursos 125'), 'Faltas' (with 'dir.125'), and 'Avaliación' (with '01/12/2008'). There are also fields for 'Alumno/a', 'Código', 'N. exp.', and 'DNI/pas.'. On the far right, there are dropdown menus for 'Ano acad.' (set to 2008/2009) and 'Ano trab.' (set to 2008/2009). At the bottom, there is a 'Busca alumnado' button.

**Por materia:** accédese a ela dende o menú de *Grupo>Grupos simples*. Esta é a opción máis recomendable para os profesores dunha materia determinada que só teñen que introducir faltas e/ou notas aos alumnos na súa materia.

This screenshot is similar to the previous one, showing the XADE application interface. The 'Xestión de alumnado' menu is open, and the 'Grupos' option is selected, showing a sub-menu with 'Grupos simples', 'Grupos mixtos', and 'Subgrupos'. The search fields and data entry options are the same as in the previous screenshot, including the 'Busca' field with 'LUCIA', 'Apellidos e nome', and various input fields for 'Datos Xerais', 'Matrícula', 'Faltas', 'Avaliación', 'Alumno/a', 'Código', 'N. exp.', 'DNI/pas.', and 'Ano acad./trab.'.

Posto que en calquera caso o proceso de rexistrar faltas é moi semellante ao de rexistrar as cualificacións, explicaremos ambos ao mesmo tempo.

<sup>1</sup> A opción por grupos só está dispoñible para as ensinanzas de *Primaria, EBI, ESO, ESA, Bacharelato e (A) Bacharelato* (non está dispoñible para *Infantil, CF e PCPI*).

### **3. Pasos previos aos procesos de avaliación e introdución de faltas**

Antes de comezar co proceso de introdución/modificación de faltas e notas debemos ter feito na aplicación algúns procesos:

#### **Na configuración xeral do centro no curso actual**

Debe estar creado o horario base que se vaia empregar en cada grupo (**Ruta: Mantemento > Convocatoria actual > Horarios**) (Ver punto 3.3.1 do manual de Grupos)

Deben estar establecidas as datas que se correspondan con cada avaliación para notas e faltas (**Ruta: Mantemento > Convocatoria actual > Ensinanzas > Configuración da Oferta > Avaliación**) (Ver punto 3.1 deste manual)

#### **Na configuración do grupo**

Asignado horario base a cada grupo (**Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples > Mantemento**) (Ver punto 3.3.2 do manual de Grupos)

Asignados os profesores que imparten clase nese grupo (**Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples > Profesorado**) (Ver punto 3.3.3 do manual de Grupos)

Creado o horario do grupo (**Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples > Horario**) (Ver punto 3.3.4 do manual de Grupos)

Asignados profesores ás materias no horario do grupo (Débese comprobar que en todas as materias e en todos os días e sesións están correctamente vinculados profesores e materias) (**Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples > Horario**) (Ver punto 3.3.4 do manual de Grupos)

No caso de que se empreguen: creadas unidades e capacidades<sup>2</sup> que se vaian avaliar, coas súas correspondentes valoracións. (**Ruta: Mantemento > Convocatoria actual > Ensinanzas > Configuración da Oferta > Unidades / Capacidades**) (Ver punto 3.2 deste manual)

#### **3.1 Períodos de faltas e avaliación**

**Ruta: Mantemento > Convocatoria (ano académico de traballo) > Ensinanzas > Configuración da oferta**

A aplicación permite introducir, para cada avaliación e cada ensinanza, os períodos correspondentes a efectos de faltas e notas.

**a - Para as notas, Inicio (ava.) e Fin (ava.)**

Son os días nos cales o profesorado poderá introducir as cualificacións. Fóra desas datas tan só os usuarios preferentes (director, secretario,...) poderán facer modificacións nas cualificacións desa avaliación.

---

<sup>2</sup> A posibilidade de establecer unidades nas materias e capacidades para un curso tan só está dispoñible nas ensinanzas de Primaria, EBI, ESO, ESA, Bacharelato, (A) Bacharelato e PCPI (é dicir todas agás Infantil, Ciclos Formativos e Ensinanzas deportivas)

### ***b - Para as faltas, Inicio (faltas) e Fin (faltas)***

Son as datas que se corresponden cunha avaliación determinada.

Xade teraas en conta á hora de contabilizar as faltas nesa avaliación.

Este dato recóllese no boletín de cualificacións (non debe esquecer este proceso se desexa que aparezan reflectidas as faltas nos mencionados boletíns).

### ***c - Procedemento para rexistrar os períodos de faltas e avaliacións***

**Ruta: Mantemento > Convocatoria (ano académico de traballo) > Ensinanzas > Configuración da oferta**

Seleccione a opción de matrícula.

Cargaranse as avaliacións establecidas para a ensinanza seleccionada.

Prema “Modificar”

Teclee os intervalos para o cómputo de faltas e rexistro de notas correspondentes a cada avaliación. (Pode introducir as datas directamente dende o teclado ou localizalas nos calendarios que ten á dereita)

Prema “Aceptar” para gardar os cambios

Quendas e prazas Configuración da oferta

Matrícula: 2º Educación primaria

Avaliacións Oferta de optativas Duración dos módulos Unidades Capacidades

Seleccione a matrícula

Programación de avaliacións no centro	Inicio (faltas)	Fin (faltas)	Inicio (ava.)	Fin (ava.)
1ª Ava.				
2ª Ava.				
3ª Ava.				
4ª Ava.				
5ª Ava.				
6ª Ava.				
Ord.				

Modificar Aceptar Cancelar

Ensinanzas con múltiples sesións de avaliación

Grupo	Avaliación	Data	Inicio ava.	Fin ava.	Estado
Datos de inicio e fin na que transcorre cada unha das avaliacións					
Semana das sesións de avaliación					

Detalle da avaliación

Ava. Data Ini. ava. Fin ava.

Engadir Modificar Eliminar Aceptar Cancelar

### **3.2 Unidades e capacidades.**

Se desexamos avaliar capacidades e unidades é preciso telas creadas previamente, coas súas correspondentes valoracións.

As *Unidades e Capacidades*, e as súas correspondentes “valoracións” poderán figurar, se así se desexa, nos boletíns de cualificacións para información ás familias (nunca sairán nos documentos oficiais de avaliación).

Unha vez creadas por primeira vez no centro, existe a posibilidade de empregar a opción de “copiar datos do ano anterior”, polo que este proceso non será preciso repetilo nos cursos seguintes. Si é recomendable revisar o rexistrado cada principio de curso.

#### ***a - Unidades.***

En cada ensinanza, para cada curso e **para cada unha das materias**, a aplicación permite crear diferentes *Unidades* que poden ser valoradas nas avaliacións.

Lembre que as unidades están sempre asociadas a unha materia determinada. Se desexa avaliar unha característica propia do curso pero non relacionada cunha materia en concreto debe empregar *Capacidades*.

A valoración das unidades dunha materia non exime en ningún caso de cualificar globalmente dita materia.

Exemplos (tan só son orientativos):

**1º Caso.** En educación primaria a materia *Educación Artística* adoita estar dividida en “Música” e “Plástica”. Se o centro desexa avaliar ditas unidades e reflectir os resultados nos boletíns de cualificacións, debe crealas previamente dentro da materia de *Educación Artística* coas correspondentes valoracións.

**2º Caso.** No caso da *Lingua Estranxeira* pode darse o caso de que o profesorado teña interese que no boletín de cualificacións aparezan reflectidas valoracións de “Expresión oral”, “Vocabulario” e “Expresión escrita”.

**3º Caso.** En *Física e Química* poderíase crear a unidade de “Laboratorio”, que podería ser introducida no horario do grupo (e asignarlle o seu correspondente profesor que non ten porqué ser o mesmo que o da materia xeral). Se non se pensa avaliar esta unidade non sería preciso introducir valoracións.

#### ***b - Capacidades***

As capacidades son diversos aspectos a valorar, están asociadas a un curso e por tanto NON vinculadas a unha materia en concreto. Unha vez creadas poderán ser avaliadas por todos os profesores do grupo.

Exemplo (tan só é orientativo)

Posibles Capacidades:

Acaba traballos

Coida o seu material

Cumpre as normas

É correcto no trato

Respecta os dereitos dos outros

Traballa en equipo

Posibles Valoracións:

AV Ás veces

N Nunca

S Sempre

#### ***d - Procedemento para a creación de Unidades e Capacidades e as súas valoracións.***

Posto que o procedemento para as Capacidades e moi semellante ao das Unidades aproveitaremos para ir explicando ambos procesos de forma simultánea.

Unidades: ***Ruta: Mantemento > Convocatoria actual > Ensinanzas > Configuración da oferta > Unidades***

Capacidades: ***Ruta: Mantemento > Convocatoria actual > Ensinanzas > Configuración da oferta > Capacidades***

Dende esta pantalla pódense engadir, eliminar ou modificar as Unidades (o mesmo para Capacidades), e as súas valoracións.

As valoracións pódense ir introducindo ao tempo que creamos unha unidade (o mesmo para unha capacidade).

Tamén podemos dar de alta primeiro todas as unidades (o mesmo para as capacidades) e despois modificalas engadindo as distintas valoracións de cada unha delas.

Engadir unha unidade (ou unha capacidade)

Seleccione o curso.

**Só no caso das unidades:** seleccione a materia concreta para a cal quere crear a nova unidade.

Prema “Engadir”

Teclee unha “Abreviatura” e unha “Descrición”

Prema “Aceptar”

Engadir unha valoración

Seleccione a unidade (ou unha capacidade).

**Sitúese na zona inferior da pantalla:** Valoracións da unidade (no caso das Capacidades: Valoracións da capacidade)

Prema “Engadir”

Nos campos de detalle da valoración introduza unha “Abreviatura” e unha “Descrición”.

Pulse “Aceptar” para gravar a nova valoración.



**Quendas e prazos** | **Configuración da oferta**

Matrícula: 1º Educación primaria

**Avaliacións** | **Oferta de optativas** | **Duración dos módulos** | **Unidades** | **Capacidades**

Materia: Educación artística

**Unidades avaliativas do curso**

Nome abreviado	Descrición
Mus.	Música
Plast	Plástica

2. Premendo en Engadir actívanse os campos de Nome abrev. e Descrición da Unidade para o Curso e a Materia

1. Seleccionamos Curso e Materia

**Detalle da unidade**

Nome abrev.: Mus Descrición: Música

Engadir Modificar Eliminar Aceptar Cancelar

**Valoracións da unidade**

Abreviatura	Descrición
B	Ben

3. Tendo seleccionada unha unidade engadimos as súas valoracións

**Detalle da valoración**

Abreviatura: Descripción:

Engadir Modificar Eliminar Aceptar Cancelar

O procedemento descrito é similar ao que hai que facer para crear as capacidades e as súas valoracións tal e como se mostra na seguinte imaxe:

**Quendas e prazos** | **Configuración da oferta**

Matrícula: 1º Educación primaria

**Avaliacións** | **Oferta de optativas** | **Duración dos módulos** | **Unidades** | **Capacidades**

**Capacidades avaliativas do curso**

Nome abreviado	Descrición
Acaba traballos	Acaba os seus traballos
Coida o material	Coida o material
Cumpre as normas	Cumpre as normas
É correcto no trato	É correcto no trato
Respeita os dereitos	Respeita os dereitos dos outros
Traballo en equipo	Traballa ben en equipo

**Detalle da capacidade**

Nome abrev.: Acaba traballos Descrición: Acaba os seus traballos

Engadir Modificar Eliminar Aceptar Cancelar

**Valoracións da capacidade**

Abreviatura	Descrición
Av	Ás veces
N	Nunca
S	Sempre

**Detalle da valoración**

Abreviatura: Av Descrición: Ás veces

Engadir Modificar Eliminar Aceptar Cancelar

## 4. XESTIÓN DE NOTAS E FALTAS PARA TITORES

### 4.1 Avaliación (recomendable para TITORES)

#### 4.1.1 Avaliación inicial<sup>3</sup>

**Ruta:** *Alumnado > Xestión de alumnado > Busca ... Unha vez feita a busca, premer en Avaliación > Avaliación inicial*

The screenshot shows the 'Avaliación' (Evaluation) section of the Xunta de Galicia system. The top navigation bar includes 'Alumnado', 'Profesorado', 'Non docente', 'Secretaría', 'Informes', 'Mantemento', 'Utilidades', 'Axuda', and 'Saír'. The main header has tabs for 'ALUMNADO: Busca', 'Datos Xerais', 'Matriculación', 'Faltas', 'Avaliación', 'Expediente', and 'Reserva'. The 'Avaliación' tab is active, showing a search for 'Blanco Fraga, Sofía' in the '1º Pri.-Z' course. The interface includes a list of student names on the left, a search filter for '12 rexistros atopados', and a main form area with tabs for 'Avaliación continua', 'Avaliación inicial', and 'Informe de aval. final'. The 'Avaliación inicial' tab is selected, displaying a form with sections for 'Desenvolvemento competencias básicas', 'Informes previos', 'Medio sociofamiliar', and 'Observacións'. A text area for 'Desenvolvemento competencias básicas' is visible, with a note: 'O límite para cada campo é de 500 caracteres máximo.' Buttons for 'Modificar', 'Aceptar', and 'Cancelar' are at the bottom.

Accederemos aos campos correspondentes deste informe que son campos de texto libre, a maioría cunha extensión máxima de 500 caracteres.

En Educación Primaria e ESO os datos da avaliación inicial quedarán recollidos tamén no informe **AL031 Informe aval. Final**.

Existe tamén un informe específico para avaliación inicial (**AL007**) que recolle unicamente os resultados da avaliación inicial.

<sup>3</sup> *Dispoñible en Xade para Educación Infantil, Educación Primaria e ESO*

## 4.1.2 Informe de Avaliación Final

**Ruta:** *Alumnado > Alumnos > Xestión alumnado>...Unha vez feita a busca, premer en Avaliación > Informe Avaliación final*

The screenshot shows the XADE system interface for the final evaluation report. At the top, there is a navigation menu with options: Alumnado, Profesorado, Non docente, Secretaría, Informes, Mantemento, Utilidades, Axuda, and Saír. Below this, there are tabs for ALUMNADO: Busca, Datos Xerais, Matrícula, Faltas, Avaliación, Expediente, and Reserva. The main area displays the profile of a student: Blanco Fraqa, Sofía. The interface includes a list of student names on the left, a search bar, and a form for entering evaluation data. The form has three tabs: Avaliación continua, Avaliación inicial, and Informe de aval. final. The 'Informe de aval. final' tab is active, showing a section for 'Medidas de atención a diversidade' with a text input field. Below the input field, there are buttons for 'Modificar', 'Aceptar', and 'Cancelar'. The interface also shows a message '12 rexistros atopados' and navigation arrows.

Os datos relativos a avaliación final rexístranse en XADE en campos de texto libre cun máximo de 500 caracteres

Debe terse en conta que estes datos figurarán no informe *AL031 Informe de aval. final*.

## 4.1.3 Avaliación continua

Pode realizarse de dous xeitos: **por materia** (avaliando a todo o alumnado, dunha materia, capacidade ou unidade en concreto) ou **por alumno** (avaliando a cada alumno, de todas as materias, unidades e/ou capacidades).

### 4.1.3.1 Avaliación continua por alumno (Opción recomendable para TITORES)

#### a - Avaliación continua por alumno de materias e unidades


**Ruta:** *Alumnado > Xestión alumnado > Busca>* (introduza os datos do alumnado que vaia avaliar, unha vez atopado, quedará visible na columna da esquerda da pantalla) *> Avaliación> Avaliación continua.*

No combo situado na parte inferior da pantalla elixir a avaliación (1ª, 2ª etc.)


Premer sobre o botón “Avaliar”.

Activarase a columna correspondente e xa se poden introducir as notas.

Para rexistrar as cualificacións das materias ou as valoracións das unidades, seleccione no combo a cualificación ou valoración que corresponda. Pódense seleccionar co rato da lista que se desprega ou introducila facendo uso do teclado e do tabulador: co teclado introdúcese a nota (premendo sobre a primeira letra da nota ou no número, no caso de ser cualificacións numéricas) e o tabulador permite pasar á seguinte materia/unidade.

Se corresponde introducir medidas de reforzo *RE* ou adaptación curricular significativa *ACS*, basta con premer sobre o botón  que abrirá a ventá correspondente onde indicar o tipo de reforzo, o profesor que realiza o seguimento do mesmo e outro tipo de observacións.



Premer sobre o botón “Aceptar” para gravar a medida. Ao volver á ventá de avaliación o botón  terá cambiado de cor: en amarelo se introducimos un reforzo educativo e vermello se é unha adaptación curricular, indicando así que existen medidas de reforzo asociadas á materia.

Unha vez introducidas todas as cualificacións premer sobre “Aceptar”

Alumnado Profesorado Non docente Secretaría Informes Mantemento Utilidades Axuda Saír

ALUMNADO: Busca Datos Xerais Matrícula Faltas **Avaliación** Expediente Reserva

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

22000125 Centro de cursos 125 dir.125 01/12/2008  
 Alumno/a Aneiros Fernández, Alicia 5º Pri.-Z Ano acad. 2008/2009  
 Código XXXXXX752500097 N. exp. 01764 DNI/pas. 32718680F Ano trab. 2008/2009

Apellidos e nome  
 Aneiros Fernández, Alicia  
 Ares Gama, Ivan  
 García Rico, Daniel  
 Garea Martínez, Andrés  
 Iglesias Pacheco, Iris  
 Marinas Rocha, Lidia  
 Martínez Varela, Jonathan  
 Martos Manzano, Sergio  
 Pico López, Alejandro  
 Roca Aqudín, Jostina Steven  
 Rodríguez Armoso, Irene  
 Rodríguez Pena, Alejandro  
 Rodríguez Sánchez, Diego  
 Rodríguez Sánchez, Lucía  
 Seco Fernández, Raúl  
 Tornín Pico, Amara

Avaliación continua Avaliación inicial Informe de aval. final

Materias Capacidades

5º Pri.	* 1ª Ava.	Med.	2ª Ava.	Med.	3ª Ava.	Med.
CMNSC	SB					
EA	--					
EF	--					
LCL	--					
LGeL	--					
Mat	--					
Ingl	--					
ReCa	--					

2. Despregar as cualificacións e escoller a que corresponda

Media (con rel.-sen rel.) Promociona Prop. título

1. Seleccionar a avaliación e premer en Avaliar

3. Gardar os cambios premando en Aceptar

16 rexistros atopados

1ª Ava. Avaliar Aceptar Cancelar

## b - Avaliación continua por alumno de capacidades

O proceso é semellante ao xa descrito para materias e unidades no apartado anterior.

Na mesma ventá de avaliación premer sobre o botón “Capacidades”

Abrirase unha nova ventá na que visualizaremos nunha columna as capacidades creadas para ese curso

No combo despregable situado na parte inferior da ventá seleccionar a Avaliación e premer sobre o botón “Avaliar”

Activarase a columna correspondente e xa se poden introducir as valoracións.

Ao rematar premer sobre “Aceptar” para gravar os cambios.

## 4.2 Xestión das faltas por alumno (recomendable para TITORES)

### 4.2.1 Rexistro das faltas de asistencia por alumno

**Ruta:** *Alumnado > Xestión alumnado > Busca* > (introduza os datos do alumnado ao que lle vai rexistrar faltas, unha vez atopado, quedará visible na columna da esquerda da pantalla) > **Faltas > Rexistro de faltas**


Abrirase a ventá pola pestana de “Rexistro de faltas”. Arriba poderá ver a semana activa (por defecto, a semana actual) ou seleccionar a semana que lle interese premendo no calendario

Prema sobre “Modificar”

Marque na parte inferior da pantalla o tipo de falta que vai poñer (vermello: falta de asistencia sen xustificar, verde xustificada...etc.)

Prema co rato no check das sesións nas que faltou o alumno esa semana

Prema sobre “Aceptar”

Empregue os botóns correspondentes  (situados na parte inferior esquerda da pantalla) para pasar a outro alumno ou prema directamente sobre el no listado de alumnos (na columna da esquerda)

Repita a operación para o resto do alumnado.

Pódense introducir faltas de asistencia e de puntualidade, xustificadas ou non xustificadas.


### 4.2.2 Resumo de faltas


**Ruta:** *Alumnado > Xestión Alumnado > Busca* (introduza os datos do alumnado desexado, unha vez atopado, quedará visible na columna da esquerda da pantalla) > **Faltas > Resumo de faltas**

Nos calendarios seleccione o período que desexe consultar

Prema sobre o botón “Ver faltas”

Amosarase un resumo das faltas do alumno no período indicado

Pode empregar os botóns correspondentes  para pasar a outro alumno ou premer directamente sobre el no listado de alumnos (na columna da esquerda)

Se a lista de faltas do alumno ocupase máis dunha páxina poderá moverse entre as páxinas empregando os botóns correspondentes  (no centro na parte inferior da pantalla)

### 4.2.3 Faltas de conduta

**Ruta:** *Alumnado > Xestión Alumnado > Busca* (introduza os datos do alumnado desexado, unha vez atopado, quedará visibles na columna da esquerda da pantalla) > **Faltas > Faltas de conduta**

Prema sobre o botón “Engadir”

As faltas xa están tipificadas na aplicación: contraria á norma ou gravemente prexudicial. Introduza a que corresponda e remate de cumprimentar os datos.

Prema sobre “Aceptar” para gardar os cambios.

**Detalle da falta**

Data  Profesor:  Tipo conduta

Medida correctiva tomada A medida consiste en (máx. 512 caracteres)

Reincidente

Observacions

## 5. XESTIÓN DE NOTAS E FALTAS PARA O PROFESORADO DUNHA MATERIA DETERMINANDA.

### 5.1 Avaliación continua por materia (Opción recomendable para o profesorado non titor)

a - Avaliación continua por materia de materias e unidades

*Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples>... Seleccionar o grupo na columna da esquerda e no menú funcional premer sobre “Aval. Continua”*

**1. Seleccionar o Grupo**

**2. Seleccionar a materia ou unidade**

**3. Seleccionar avaliación e premer en Avaliar**

**4. Elexir a nota no despregable**


**5. Aceptar os cambios**


Alumno/a	1ª Ava.	Med. 2ª Ava.	Med. 3ª Ava.	Med.
García Rico, Daniel	SB			
Garea Martínez, Andrés	--			
Iglesias Pacheco, Iris	--			
Marinas Rocha, Lidia	--			
Martínez Varela, Jonath	--			
Martos Manzano, Sergio	--			
Pico López, Alejandro	--			
Roca Agudín, Josting St	--			
Rodríguez Arroso, Irene	--			
Rodríguez Pena, Alejand	--			
Rodríguez Sánchez, Diag	--			
Rodríguez Sánchez, Lucí	--			
Seco Fernández, Raúl	--			
Tornín Pico, Amara	--			


Seleccionar no combo despregable a materia ou unidade a avaliar. Activarase a columna correspondente e xa se poden introducir as notas.

Introducir no combo as cualificacións ou valoracións que correspondan. Pódense seleccionar co rato da lista que se desprega ou introducilas facendo uso do teclado e do tabulador: co teclado introdúcese a nota e o tabulador permite pasar ao seguinte alumno.



Se corresponde introducir medidas de reforzo RE ou adaptación curricular significativa ACS, basta con premer sobre o botón  que abrirá a ventá correspondente onde indicar o tipo de medida, o profesor que realiza o seguimento do mesmo e outro tipo de observacións.



Premer sobre o botón “Aceptar” para gravar a medida. Ao volver á ventá de avaliación o botón  terá cambiado de cor: en amarelo se introducimos un reforzo educativo e vermello se é unha adaptación curricular, indicando así que existen medidas de reforzo asociadas á materia.

Unha vez introducidas todas as cualificacións dos alumnos dese grupo premer sobre “Aceptar”

Pódese realizar a avaliación desa mesma materia para o grupo seguinte empregando os botóns específicos situados debaixo do listado dos grupos.



## 5.2 Rexistro das faltas de asistencia por materia

**Ruta:** *Alumnado > Grupos > Grupos Simples > Seleccione o grupo e prema no menú funcional a opción Faltas*

Dende esta pantalla ofrécesenos a posibilidade de introducirlle ao alumnado as faltas por materia.

Abrirase a ventá de rexistro de faltas. Arriba poderá ver a semana activa (por defecto a semana actual) ou seleccionar a semana que lle interese premendo no calendario. Faga modificacións no calendario para situarse na semana na que desexa rexistrar faltas.

No combo correspondente seleccione a materia

Prema sobre “Modificar”

Marque na parte inferior da pantalla o tipo de falta que vai poñer (vermello: falta de asistencia sen xustificar, verde xustificada...etc.)

Prema co rato no check das sesións nas que faltou o alumno esa semana.

Prema sobre “Aceptar”

Se o número de alumnos do grupo ocupase máis dunha páxina, poderá moverse entre as distintas páxinas empregando os botóns correspondentes  

## 6. Apertura/ Peche de Actas

Ruta: Utilidades > Xestión > Apertura/Peche de actas

As datas de promoción, proposta de título etc., son recollidas pola aplicación de xeito automático a partir da data de peche da acta correspondente.

Isto fai que o proceso de pechar as actas sexa imprescindible en todas as ensinanzas onde exista dito documento de avaliación (todas agás Educación Infantil)

Grupo	Avaliacion	Estado	Data peche
2º Pri. - A	Ord.	Pechada	22/06/2010
2º Pri. - B	Ord.	Aberta	
4º Pri. - A	Ord.	Aberta	
4º Pri. - B	Ord.	Aberta	
4º Pri. - C	Ord.	Aberta	
6º Pri. - A	Ord.	Aberta	
6º Pri. - B	Ord.	Aberta	
6º Pri. - C	Ord.	Aberta	

O procedemento a seguir é moi sinxelo

Siga a ruta arriba indicada

Prema sobre o botón Modificar

Seleccione a Ensinanza

Na lista que se despregará mais abaixo seleccione o curso e grupo e a acta correspondente

Cambie o estado Aberto/Pechado segundo corresponda

Ao pechar a acta activarase o calendario para que elixa a data oficial que corresponda

Prema sobre Aceptar para gardar os cambios.

Agora cando imprima a Acta esta será oficial (xa non terá a condición de borrador)

No caso de querer cambiar a data de peche basta con volver a abrir a acta (borrarase a data que teña gardada previamente)

É importante sinalar que unha vez pechadas as actas só os usuarios autorizados (director, secretario e/ou usuarios con acceso total) poderán realizar modificacións na avaliación correspondente. No caso de ser usuario preferente e modificar cualificacións nunha avaliación coa acta xa pechada, a aplicación indicarlle cunha mensaxe que só vostede pode avaliar.



## **7. Consideracións especiais por ensinanzas**

Na maioría das ensinanzas o procedemento a seguir, tanto para a avaliación como para o rexistro de faltas de alumnado, é idéntico ao xa descrito nos apartados anteriores.

En todo caso, vese necesario facer algunhas consideracións importantes para cada ensinanza.

Nos casos onde ademais a pantalla de avaliación cambie de xeito significativo, presentaranse as imaxes correspondentes coas consideracións a ter en conta.

### **7.1 Educación Infantil**

Xade permite obter, para estas ensinanzas, os diferentes informes oficiais de avaliación, e tamén, os boletíns trimestrais informativos para as familias.

Nestes boletíns figurarán os **indicadores específicos observables**, configurados para cada avaliación e para cada curso.

Para a realización e configuración da avaliación desta ensinanza debe consultar o manual específico **Avaliación na educación infantil**, dispoñible no menú de axuda.

### **7.2 Educación Primaria**

En Xade pódense rexistrar cualificacións nas tres avaliacións parciais por curso e na Avaliación Ordinaria dos cursos que son final de Ciclo (2º, 4º e 6º)

Nestas ensinanzas non hai ningunha consideración relevante a ter en conta, a excepción da introdución da condición de promoción (Si, Non, Promoción obrigada) e a data de superación de obxectivos/competencias básicas que se recollen na avaliación Ordinaria.

A decisión de promoción está dispoñible soamente dende a opción de avaliación por alumno (Ver apartado 4.1.3.1 deste manual ).

